


Proxecto Galauda



Saída á galería
Sargadelos,
á Universidade de
Barcelona
e ao Centro Galego
de Barcelona

Caderno
de traballo



O feito de Sargadelos ter unha das súas galerías en Barcelona é moi importante porque, como estas tamén teñen unha sección de librería, as persoas que estudan lingua, literatura e cultura galegas en Cataluña poden adquirir libros galegos con moita facilidade, de xeito que teñen un acceso directo á cultura escrita en galego. Sargadelos, porén, é ante todo a fábrica de cerámicas máis coñecida e valorada de Galicia. Pero tamén é moito máis...

Historia de Sargadelos

A historia de Sargadelos ten dúas etapas. A primeira desde a súa fundación, en 1806, ata o seu peche en 1875. A segunda vai da súa recuperación, en 1949, ata a actualidade.

Primeira etapa

A historia da cerámica de Sargadelos comeza a principios do s. XIX, en 1806, cando Antonio Raimundo Ibáñez (nado na parte galegofalante de Asturias) inaugura unha siderurxia na parroquia de Sargadelos do concello de Cervo (Lugo), á que se engadiu, un tempo máis tarde, unha fábrica de louza.

Cando o fillo do fundador, José Ibáñez, continuou a obra do pai, ampliou a fábrica e esta chegou a producir 20.000 pezas de louza anuais a comezos dos anos trinta do s. XIX. Nesta época as louzas caracterizábanse pola cor branca e estaban deseñadas cun estilo neoclásico. A época dourada da fábrica é a mediados do s. XIX, cando chegan a traballar nela máis de 1000 familias.

No ano 1875 Sargadelos pecha por mor dunha serie de problemas xudiciais da familia Ibáñez, aínda que xa había tempo que fora baixando a calidade e a produción.


Segunda etapa

En 1949 fúndase, a iniciativa dunha serie de emprendedores galegos, un complexo industrial en Sada (A Coruña), á par dun castro, polo que esta fábrica de cerámica leva o nome de Cerámicas do Castro.

Entre estes fundadores salientan Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo (o único deles que aínda vive). Foron estes os que, no exilio Americano, inician en 1963 o Laboratorio de Formas, que se creou para deseñar produtos, como as cerámicas, que lembren formas representativas do patrimonio cultural, material e inmaterial galego.

Ao volver do exilio estas persoas fundaron en 1970 unha factoría en Cervo (Lugo), coa intención de traballar cos principios éticos que rexían a antiga Sargadelos: unha empresa que traballe polos produtos autóctonos de calidade sen tentacións especulativas. A cerámica de Sargadelos faise con terras galegas e reproduce elementos característicos de Galicia. O sentido do Sargadelos de hoxe, pois, é este: a recuperación cultural e económica de Galicia a través dun produto comercial autóctono e de calidade.

ACTIVIDADE SOBRE AS CERÁMICAS E OS LIBROS DE SARGADELOS



Repara nos elementos desta fotografía. Hai dous libros e dúas pezas de louza de Sargadelos. Estas pezas de louza son dous vasos de auga dunha das coleccións de Sargadelos. As espirais que reproduce imitan as da diadema do tesouro de Elviña, un conxunto de alfaias do s. I que se atoparon durante unha escavación no castro de Elviña, preto da cidade da Coruña.

1. Procurade información sobre os castros do noroeste peninsular. Que foi a cultura castrexa? Que son os castros? Cales son os castros máis importantes de Galicia? (Poderedes atopar información na páxina <http://www.castrenor.com>)

No que fai aos libros, un deles é a *Historia xeral de Galicia*, editada por A Nosa Terra e, o outro, é unha monografía sobre o Entroido titulada *O Entroido ou os praceres da carne*.

1. Pedide que vos deixen ver a *Historia xeral de Galicia* d'A Nosa Terra e observade a fotografía da portada. Reproduce os ornamentos de ferro da porta da igrexa de Vilar de Donas, do concello de Palas de Rei. Hai unha louza de Sargadelos que reproduce estes ornamentos nas súas pezas. Tentade atopala e, se non a identificades, preguntade na galería cal é.
2. O segundo libro está editado por Edicións do Castro, unha editora relacionada con Sargadelos e fundada polo propio Isaac Díaz Pardo. Preguntade na libraría polos títulos que edita esta colección e observade os deseños das súas portadas.



EDICIÓNS DO CASTRO
DA FUNDACIÓN SARGADELOS



O día das Letras Galegas

Durante a ditadura franquista, o galego e a súa literatura non podían existir con normalidade. O seu cultivo e coñecemento estaba restrinxido, como os de calquera cultura non oficial, a unha elite intelectual.

En 1963, tres membros da Real Academia Galega (Manuel Gómez Román, Xesús Ferro Couselo e Francisco Fernández del Riego), presentaron nesta institución a proposta de celebrar o 17 de maio como día dedicado ás letras galegas. Esta celebración ía permitir que o coñecemento das letras galegas se fose estendendo pouco a pouco entre as diferentes capas da poboación.

Cada 17 de maio Galicia celebra un día dedicado a un autor destacado da súa cultura. En torno a esa data, en todo o país se organizan actividades de difusión da obra do autor homenaxeado.

Por que o 17 de maio?

Para conmemorar o centenario da primeira edición de *Cantares gallegos*, que é o primeiro poemario de Rosalía de Castro e a obra iniciadora do Rexurdimento galego. Rosalía data a dedicatoria que lle fai á tamén escritora Fernán Caballero o 17 de maio de 1863.

ACTIVIDADE SOBRE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día das Letras Galegas do ano 2009 foi dedicado a Ramón Piñeiro (Láncara 1915 – Santiago de Compostela 1990), filósofo e activista cultural. Para o ano 2010, a Real Academia Galega (RAG) decidiu que se lle dedicase este día a Uxío Novoneyra, nado nunha aldea de Folgoso do Courel en 1930 e morto en Santiago de Compostela no ano 1999.

Hai un poema de Uxío Novoneyra que resume moi ben cal é a súa concepción do mundo e cal é a arela que o move a escribir a realidade que o arrodea, e para quen o fai. O poema, escrito en 1980, ten só dous versos:

*TODO o que pasou o meu pobo pasoume a min
Todo o que pasou o home pasoume a min*

1. Cal é a idea principal destes versos?
2. Cal cres que é a postura vital de Uxío Novoneyra?
3. Onde está Folgoso do Courel? Que é o Courel? En que parte de Galicia está?
4. Preguntade en Sargadelos que títulos deste poeta teñen nos seus andeis e mirade en que poemario aparece este poema. Animádevos a lero enteiro!



UNIVERSITAT DE BARCELONA



A Universidade de Barcelona e o Proxecto Galauda

A Universidade de Barcelona (UB) fundouse no s. XV e é a universidade catalá máis importante, tanto na súa oferta docente como en número de alumnos.

Ademais, foi a primeira universidade de fóra de Galicia na que se puido estudar a carreira de Filoloxía Galega, e hoxe ofrécense 20 materias de lingua, literatura e cultura galegas na súa Facultade de Filoloxía.

O iniciador destes estudos é Basilio Losada, que foi o primeiro catedrático de Filoloxía Galega na UB, hoxe xubilado. Grazas a el, agora hai once anos, púidose pór en marcha o Proxecto Galauda, que naceu na Sección de Filoloxías Galega e Portuguesa desta Universidade.

O Proxecto Galauda é un proxecto educativo intercultural que pretende provocar nos adolescentes unha percepción da diversidade lingüística e cultural como unha necesidade incuestionable para as sociedades actuais.

PREGUNTAS PARA FACER DURANTE A VISITA Á UB

A Facultade de Filoloxía da UB é o lugar ideal para resolver certas dúbidas sobre cuestións lingüísticas que nos afectan directamente.

Podedes procurar información sobre as seguintes cuestións e formulalas aos profesores de Filoloxía Galega que vos reciban na UB.

Pensade que, ademais de usala no voso Instituto, o galego tamén é unha das linguas da UB, así que practicade para poder facer estas preguntas (e todas as que se vos ocorran) en galego durante a vosa visita á Universidade.

1. De onde vén a lingua galega?
2. Ademais de ser a lingua propia de Galicia, de que outros lugares é lingua propia?
3. As linguas son máis ou menos importantes segundo o número de falantes que teñan?
4. Hai máis dun millón e medio de persoas orixinarias de Galicia que viven noutras partes do mundo. Cantas hai en Barcelona? Estas persoas de orixe galega, que linguas falan?
5. Ademais, pois, do catalán, do español e do galego, cantas linguas se falan na cidade de Barcelona?

CGB

Falar da historia de Galicia é falar da emigración. Nada do que acontece nesa terra durante o s. XX se pode entender sen coñecer o papel fundamental da emigración. Para terdes unha idea da magnitude deste fenómeno, só tedes que saber que, desde o s. XVIII ata o s. XXI no que vivimos, saíron de Galicia máis dun millón e medio de persoas á procura de mellores condicións de vida noutras partes do mundo.

Desde un principio, estas vagas migratorias dirixíronse sobre todo a América, aínda que durante os anos 50 e 60 tamén houbo moitas persoas que emigraron cara aos países de Europa.

O centro galego de Barcelona

Os centros galegos naceron como entidades asistenciais que daban acollida e protección aos emigrantes que chegaban aos que ían ser os seus novos países. De feito, a primeira institución galega do mundo é o Centro Galego de Montevideo, no Uruguai, que se funda o 30 de agosto de 1879.

Máis adiante, cando as necesidades básicas destas persoas xa estaban cubertas, estas entidades foron orientando as súas actividades cara ao fomento da cultura, como é o caso do actual Centro Galego de Barcelona, cidade que sempre recibiu xente procedente de Galicia.

O Centro Galego de Barcelona fúndase no ano 1923, e segue hoxe activo na súa sede da Rambla dels Caputxins. Nel celébranse arestora moitísimos actos culturais como conferencias, representacións teatrais, presentacións de libros, cinefóruns, debates ou cursos de lingua e cultura galegas, e ten unha das bibliotecas galegas máis importantes do mundo.



Balcón do Centro Galego de Barcelona engalanado co gallo do día das Letras Galegas